



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estimadas nais e pais

Dende a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en colaboración co Valedor do Pobo acabamos de poñer en marcha un proxecto co que se pretende abordar de maneira seria e responsable un problema que está a despertar cada día maior interese social: **o uso que os menores fan de Internet e as Novas Tecnoloxías**.

Co apoio de ambas institucións expertos da Universidade de Santiago e da AMTEGA desenvolveron unha plataforma *online* abalada cientificamente, que vai permitir dispor dun coñecemento rigoroso do problema, achegándonos a todos os estudantes de E.S.O. da comunidade galega.

A través deste correo queremos informarlle de xeito formal da existencia deste proxecto e convidalo a colaborar no mesmo, convencidos da necesidade de traballos coma este e do beneficio colectivo que supón.

O procedemento a seguir para a recollida da información consistirá na cumplimentación telemática por parte do alumnado dun breve cuestionario, durante a segunda quincena do mes de maio, nas dependencias dos propios centros (aula de informática ou biblioteca). O cuestionario será cuberto de maneira individual e sempre garantindo o anonimato e a confidencialidade das respostas de cada neno/a, xa que en ningún momento se lles pedirá ningún tipo de dato persoal ou identificativo.

Para acadar a máxima participación e rigor posible o traballo de campo será coordinado pola dirección e os propios titores de cada centro, tentando interferir o menos posible na súa actividade diaria.

Estamos convencidos de que a realización de proxectos coma este son fundamentais para desenvolver políticas educativas e de prevención axeitadas no eido das Novas Tecnoloxías, que permitan garantir o seu uso responsable entre os mais novos.

Grazas de antemán e reciban un cordial saúdo.

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

José Julio Fernández Rodríguez

Valedor do Pobo

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2014